

En galego, por que non? - Introducción

[...] As linguas, todas as linguas, son instrumentos de comunicación e sobreviven na boca dos falantes. Se unha lingua non se usa, morre. O galego goza aínda de moi boa saúde, pero se queremos que siga existindo cómpre que fagamos o mellor que se pode facer por unha lingua: usala.

As ideas e opinións sobre a lingua galega que temos os galegos son moi variadas e, dado que é un asunto que nos compete bastante directamente, case todos temos o noso xuízo ao respecto. E iso está ben, é boa cousa ter unha opinión formada sobre o particular. Pero tamén é verdade que moitas veces as opinións que posuímos non son nosas, son prestadas. A realidade é moi complexa e resúltanos imposible reflexionar a fondo sobre todas as cuestións. De modo que a miúdo máis que formarnos unha opinión en realidade e moi complexa e resúltanos imposible reflexionar a fondo sobre todas as cuestións. De modo que a miúdo máis que formarnos unha opinión en realidade o que facemos é adoptar unha; iso afórranos traballo. E case sempre a opinión que adoptamos soe ser a maioritaria ou a que cremos que comparten a maioría das persoas. O razoamento vén ser este: se case todos pensan así, iso debe ser o correcto. Pero coidado, porque con isto podémonos enganar moi facilmente. Adoptar a opinión que cremos maioritaria nin sequera nos garante que sexa realmente maioritaria; pode resultar que sexa así no noso círculo de amizades, nesa burbulla imperceptible na que nos movemos, pero que moita outra xente -que non coñecemos- non comparta esa opinión. E tamén pode ser que a opinión sexa maioritaria pero errónea: durante miles de anos todo o mundo “sabía” que a terra era plana. En fin, que é moi fácil enganarse.

A miña intención con estas páxinas é convidarte á reflexión, a pensar honradamente sobre o galego. Espero que a lectura che resulte agradable, que descubras cousas novas e que estas páxinas che axuden a crear unha opinión propia, túa, sobre a lingua galega.

Se temos unha lingua, por que non usala? Por que non en galego? Se xa o falas convídote a que leas as páxinas que seguen, que quizais che sirvan de reforzo para a túa conduta lingüística actual, e se non o fas, convídote igualmente a que penses sobre a razón. Por que non en galego? Porque é unha lingua bruta, que soa mal? Ou porque consideras que aprender galego e non inglés é unha perda de tempo? Ou porque falar galego cando hai outros que non o falan é de mala educación? Ou porque cres que non o das falado ben?... A todos estes porqués é bastantes máis atoparás resposta neste libro. Espero que che guste e que ao final che sirva para que poidas opinar sobre o galego con maior fundamento, sexa o que sexa o que ao final ti mesmo decidas.

Fragmento de Núñez M. (2009). *En galego, por que non?*. Editorial Galaxia.



“Texto escrito 5 – En galego, por que non? - Introducción”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)